ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 21/10/2026 12:06:31 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 21/10/2026 14:27:39

Documento asinado

Concello de Vigo
Expte. 5645/1101

PLENO DO EXCMO. CONCELLO. Núm. 14

CONVOCATORIA

DECRETO DE CONVOCATORIA.

Convócase sesión pública do Pleno da Corporación do Excmo. Concello de Vigo para celebración de sesión **ORDINARIA**, ás **NOVE HORAS** do día **26 de outubro.**

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

ORDE DO DÍA

1. Actas anteriores: Ordinaria do 28 de setembro de 2026.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

2. Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 3º trimestre do 2026 e período medio de pagos dos 9 primeiros meses do 2026; dación de conta. Expt. 31572/541. (Expte. Pleno 5632/1101).

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 21/10/2026 12:06:31 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 21/10/2026 14:27:39

Documento asinado

3. Estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao 3º trimestre do 2026, así como do movemento da tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias; dación de conta. Expediente 519/143. (Expte. Pleno 5633/1101).

Mocións:

4. Moción do grupo municipal do BNG en apoio á Folga Xeral do 11 de novembro de 2026, "Galiza en loita por unha vida digna e polo dereito á vivenda". Expte. 5648/1101.

5. Moción do grupo municipal Socialista instando á Deputación de Pontevedra a comprometer unha achega económica ao IFEVI para financiar as actuacións de ampliación e modernización do recinto feiral. Expte. 5654/1101.

6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a convocar ás persoas afectadas polos PIA a unha mesa de dialogo na que se dea resposta ás reclamacións veciñais e outros acordos complementarios. Expte. 5653/1101.

7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a que nos seus orzamentos do 2027, incremente a achega anual de fianciamento incondicionado destinado ao Concello de Vigo. Expte. 5652/1101.

8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a tramitar a autorización solicitada polo Concello de Vigo para o uso de auga rexenerada da depuradora do Lagares no baldeo de rúas. Expte. 5651/1101.

9. Moción do grupo municipal Socialista instando a Deputación de Pontevedra a consignar nos seus orzamentos do 2027 unha partida económica con carácter fixo e anual destinada a financiar os convenios de colaboración co Concello de Vigo. Expte. 5655/1101.

PARTE DE CONTROL

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 21/10/2026 12:06:31 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 21/10/2026 14:27:39

Documento asinado

Mocións.

10. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre os Fondos Europeos e subvencións que este goberno municipal ten perdidos pola súa neglixente xestión. Expte. 5647/1101.

Resolucións.

11. Dar conta das Liñas Fundamentais do Orzamento do 2027. Expte. 105/142. (Expte. Pleno 5631/1101).

12. Dar conta da Modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos titulares das concellerías de Área de Goberno. Expte. Pleno 5644/1101.

13. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre 19.09.26 e o 16.10.26, incluídas no Expte. Pleno 5649/1101.

14. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre 19.09.26 e o 16.10.26, incluídas no Expte. Pleno 5650/1101.

15. Formulación de rogos.

16. Formulación de preguntas.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público na páxina web municipal ós efectos de información.
am

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

Ante min, o Secretario Xeral do Pleno
Jose Villán Fuertes